

PROXECTO VOZ NATURA 2020-2021.

4º ED. INFANTIL.

INTRODUCCION

No marco do programa de Voz Natura , este curso adicado a **proxectos de acción directa sobre o medioambiente: protección e recuperación do entorno natural do Camiño de Santiago**, o noso colexio Liceo la Paz participa activamente programando actividades para a recuperación do entorno.

En 4º de Educación Infantil decidimos investigar e coñecer os árbores autóctonas do camiño, as hortas e as flores.

A continuación recolleemos todas as actividades que levamos a cabo este ano (complicado pola situación difícil que nos tocou vivir) e que presentamos para Voz Natura.

DOSSIER AS ÁRBORES NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Dende a entrada no Cebreiro, ao norte os Ancares e o sur O Caurel mostran un dos ecosistemas máis ricos do noroeste peninsular. Atravesando bosques poblados de “carballeiras” sotos e castaños. Os bosques deixan paso os prados e hortas, imaxes tradicionais do rural galego e campos repletos de flores na primaveira e verán.

O longo do camiño temos a oportunidade de disfrutar da visión destas paisaxes e de encontrar especies únicas de Galicia.

Iniciamos o proxecto coñecendo as árbores do camiño, e cada clase investigamos unha árbore:

- 4º A O loureiro
- 4ºB O Salguiero
- 4ºC O piñeiro
- 4ºD C Castiñeiro
- 4ºE O Carballo

Iniciamos a proxecto falando en asamblea sobre o camiño de Santiago e o que representa e cales son os símbolos característicos do camiño.



Tamén falamos dos diversos camiños que levan a Santiago, cal e a meta do camiño, a catedral e a compostela.



Contamos o conto *¡Buen camino Celestino!* e recoñecemos no conto a forma de vestir do peregrino, os símbolos dos peregrinos, as rutas e a meta final do Camiño de Santiago.



A partir desta introducción cada clase centróuse no coñecemento e estudo da súa árbore.

4º A O LOUREIRO

1ª sesión.

Empezamos o proxecto facendo unha breve introducción o Camiño de Santiago cunha presentación en powerpoint, na que se amosan diferentes imaxes do camiño para facer unha breve contextualización.

2º sesión.

Abordamos o bosque e os diferentes tipos de árbores que podemos encontrar e facemos unha asamblea na que pensamos ideas para salvar o bosque. Lles propoño a investigación dunha das especies de árbores de Galicia e para eso vamos a poñernos a buscar información.

3º sesión.

Doulles unhas follas de loureiro e teñan que leválas a casa para investigar de que árbore se trata coa axuda das familias.

4ª sesión.

Observamos o Loureiro e falamos sobre él, os seus diferentes usos. Tocamos as follas, olémolas...



5ª sesión.

Facemos o noso Loureiro, pintamos entre todos o tronco e lle pegamos as follas.



6º Sesión. Plantamos un loureiro. Observamos as raíces do Loureiro, falamos de qué é necesario para que a árbore poida medrar. Plantamos catro raíces de Loureiro.



Seremos responsables de coidar das nosas árbores durante todo o curso, coidándoas sempre que sexa necesario.

Ademáis de todas as sesións realizadas na aula, os nenos e nenas dos gatiños foron coas súas familias a investigar ónde podían encontrar Loureiro cerca das súas casas. Algúns incluso os tiñan no seu propio xardín.



4º B O SALGUEIRO

Na aula das mariposas traballamos o salgueiro que antigamente empregábase para facer cestería pola fortaleza das súas ramas. Nas asembleas traíamos curiosidades que nos contaban os papás e avos (p.exemplo; que ás cabras encántanlle as follas de salgueiro para almorzar....)

Ademais os nenos e nenas foron a parques, bosques e aldeas para fotografiarse con esta árbore tan orixinal.



Tamén fixeron os seus propios salgueiros usando materiais que tiñan na casa. Aquí están algunhas fotos que o amosan.



4º C O PIÑEIRO



Os nenos da clase dos Elefantes dentro do proxecto voz natura referido ó cuidado e coñecemento do Camiño De Santiago e o seu ecosistema, traballamos o Piñeiro Galego. Na clase buscamos información relevante desta árbore, vimos fotos e debuxamos un Piñeiro para

ver as súas características. Vimos tamén piñas e as follas tan características do Piñeiro e puidemos tocálas e ver as súas curiosidades.

Pola súa parte os nenos fixeron tamen traballos individuais coas súas familias onde nos amosaban entornos de bosques de Piñeiros e moitas manualidades relativas a eles e con elementos da natureza.

Aprendemos a importancia de coidar o entorno natural e descubrimos a beleza que se agocha

nos nosos maravillosos e máxicos bosques galegos.



4º D O CASTIÑEIRO

Os nenos e as nenas de 4ºD neste curso investigaron sobre o castiñeiro, fomentando así con diversas actividades a importancia do cuidado do entorno natural e en concreto das árbores do Camiño. O Castiñeiro. Fixemos una presentación nun Power Point.

Características do castiñeiro, as follas, as castañas...

Creamos un rincón con castañas, follas e ourizos. Fixemos un castiñeiro con pintura de dedos.

Nas assembleas comentamos o que da, a importancia das castañas como alimento e o cuidado do castaño para que poida vivir moitos anos.

Confeccionamos a coroa para o Magosto .

Comprei castañas no feirón e expliqueilles como se seleccionan as castañas antes de



vendelas.

Levei as castañas ó colexio e fixeron un colar con elas.



Debido a pandemia este ano propúxelles que percorreran o monte cos seus pais e fixeran a súas investigacións. Que observaran os castaños, as súas follas e a súa froita.

As rutas dos peregrinos e como podemos colaborar para cuidar os sendeiros.

Así o fixeron, cada un, explicou ós seus compañeiros as súas experiencias.



Que fixeron?

Recolleron follas, xogaron con elas e as clasificaron.



Recolleron castañas e observaron os ourizos.

Elaboraron ricos postres cas castañas. Asaron castañas.



Foron a un posto onde se asan as castañas e explicaron como o facían.



Tamén fixeron traballiños plásticos.

Pablo e o seu avó plantaron un castiñeiro que nós cuidarémolo ata final de curso.



Despois trasplantarano na súa finca



Falamos dos Soutos máis importantes de Galicia e do proxecto da recuperación dos Soutos no Caurel.

4º E O CARBALLO

Na clase de 4º E traballamos os carballos, como árbore autóctona de Galicia e predominante o longo de todo o camiño de Santiago. O longo dos distintos camiños que discurren por Galicia atópanse carballos lexendarios, con moitas carballeiras onde habitualmente descansan os peregrinos.

Empezamos coñecendo en assemblea e unha presentación como son os carballos, como é a planta, donde se da, cal e a súa flor, o seu froito, para que sirva a madeira de carballo e como protexelo.



Cando xa sabemos moitas cousas do carballo facemos o carballo da nosa clase, completando un modelo con follas, ramas e landras. Quedou un bonito carballo. Tamén descubrimos que o lugar onde hai moitos carballos chámanse carballeiras.





Traballamos como nacen e se plantan os carballos. Levei varios brotes de carballo e fixemos a nosa propia plantación. Disfrutaron metendo as mans na terra, poñendo a planta, regando, etc.

Traballamos as partes do carballo, pintando e decorando as follas e as landras.



Contamos varios contos relacionados con carballos e o seu froito e as ardillas:



E coa colaboración dos pais , os nenos fotografiáronse con carballos e en carballeiras para ver na realidade todo o que traballamos na clase.



Rematamos o estudo do carballo, falando de como debemos coidar o medio no que viven pois son unha fonte de riqueza do noso rural.

DOSSIER A HORTA EN 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

O longo de segundo trimestre en 4º de Educación infantil traballamos a horta no camiño de Santiago. Vimos que o longo do camiño atópanse curiosas hortas específicas de cada zona, con cultivos distintos e variedades de plantas según a zona que se trate.



As leiras e hortas están divididas por muros de pedra que recordan os castros formando a panorámica de un mosaico natural que oscilan entre o marrón e o verde intenso dependendo dos tipos de cultivo e da época do ano.

Nos terreos inmediatos as casas están as hortas, fincas pequenas que reciben os mellores cuidados con abono e rego abundante e nos que se plantan legumes, hortalizas, patacas, verduras e pequenos frutais. Un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Unha forma de difundir a cultura do autoconsumo e formentar o respecto ao medio.

Estudamos o que é unha horta e a mellor forma de aprender e observando, creando e manipulando polo que decidimos crear a nosa propia horta dentro da aula. Para conseguilo tivemos moito traballo averiguando toda a información que necesitábamos: qué é unha horta, en que se diferencian de outros espazos verdes, que tipo de produtos se cultivan, que se necesita para a súa creación...



Para esta investigación pedimos axuda as familias, que realizaron diferentes experiencias cos nosos hortelanos para poder enviarnos información útil, que eles explicaron os seus compañeiros na aula.



Unha vez que tivemos toda a información necesaria, puxémonos a traballar: plantamos pementos de padrón, fresas, tomates, rábanos, perexil, leituga, grelos .., e agora cada día chegamos expectantes a aula esperando ver cómo van medrando gracias os nosos coidados.



Xa empezamos a ver os primeiros brotes e cando teñamos a horta encamiñada, levarémola o viveiro do cole para que todos poidamos disfrutar dos frutos.



Desta maneira, os nosos nenos iníciase nas competencias necesarias para contribuir o coidado e conservación do medio o longo do camiño de Santiago e que saiban valorar a riqueza do noso entorno e convertirse en persoas responsables e respetuosos con entorno natural.



DOSSIER AS FLORES DO CAMIÑO DE SANTIAGO. 4º EDUCACIÓN INFANTIL

Que a primaveira é un dos mellores momentos para gozar da natureza non é ningún segredo. A paisaxe que rodea as rutas xacobeas é famosa pola súa beleza, pero na primavera é aínda máis fermosa.

A beleza da súa paisaxe responde ás frecuentes choivas que se rexistran en Galicia, os verdes campos, azuis intensos e a cor primaveral das flores.

Por iso decidimos traballar as Flores que se atopan no camiño de Santiago, dentro das aulas de 4º de Educación Infantil.



Empezamos facendo unha introducción onde recordamos o camiño de Santiago e falamos en assemblea da primaveira e como se aprecia nos campos, no tempo e nas temperatura , esta estación.

A través de internet vemos algún videos sobre a primaveira. <https://www.youtube.com/watch?v=cnEQrrd11Xc>



A partir de aquí xa nos centramos nas flores. Empezamos a falar sobre o que sabemos das flores, como son, cores, tipos, para que son etc.



Traballamos sobre todo as flores que se encontran en Galicia o longo do camiño como son as amapolas, as dalias, calas, as margaridas, as hortensias, as camelias, as azaleas e as rosas.

As familias colaboraron mandando información sobre as distintas flores, mandaron fotos e presentacións sobre as flores.



Unha vez que xa recoñecen en imaxes as distintas flores, pasamos a facer un recoñecemento de elas na realidade. Facemos un percorrido polos xardíns do cole e as zonas verdes para apreciar os ditintos tipos de flores. E destinamos na aula un rincón para as nosas plantas e flores.



Plantamos na aula varios bulbos de dalias e como xa saben o proceso de plantación , eles soños fixeron todo. Agora dia a día vemos como as dalias están medrando e que xa empezan a asomar os brotes das flores. Están emocionados vendo como medran.



E como sempre contamos contos sobre as flores e a primaveira:

A flor máis bonita do mundo


A cesta de flores

Xogamos as adiviñas:

*Tul e non é tela
pan, peron non de mesa
Que flor son? (tulipán)*

*Son a flor do indeciso
e do adivinador
todos queren arrancarme os pétalos
si, non, sí, non, sí non. (a margarida)*

E cantamos a canción de *Flor de toxo e alecrín (Ana Kiro)*



Decoramos as nosas aulas pintando flores, volvoretas e paxariños .



Coñecemos os usos das flores (adornar, alimento, medicinais etc) e fixemos floreros para ter na clase.



Sensibilizamos os nenos ca necesidade de coidar as plantas e as flores porque nos aportan moitos beneficios.



E por último fixemos unhas macetas con flor utilizando os materiais que temos na aula para levar as súas casas o día da familia.